



Agora hai alternativas máis eficaces.

A calefacción

55. Como era?

Ata comezos do século XX, a calefacción nas vivendas da cidade histórica reducíase á calor que proporcionaba o lume da lareira e, máis tarde, a cociña de carbón. A cociña era o lugar quente da casa, e nos cuartos adoitábanse empregar braseiros que reutilizaban os rescaldos xerados na lareira. As camas quentábanse cos utensilios que contiñan auga quente ou brasas que se pasaban entre as sabas para caldealas e eliminar un pouco a humidade.

56. Pódese instalar?

A calefacción pode ser individual, para cada vivenda, ou colectiva, para dar servizo a todas as vivendas do edificio desde unha única caldeira. Hoxe é un elemento de confort imprescindible e a complexidade da súa instalación dependerá do sistema elixido (individual ou colectivo), do tipo de calefacción que se desexe (por auga, aire...), e do tipo de "combustible" a empregar, sexa a electricidade, o gas ou o gasóleo ou sistemas alternativos.

57. Cal é a mellor?

Cada caso debe ser estudado con atención. A instalación dunha calefacción de auga necesita máis obra que a colocación de radiadores eléctricos. Hai ofertas de tarifas nocturnas se empregamos os chamados acumuladores eléctricos, que almacenan a calor durante a noite e a soltan durante o día. O gasóleo necesita un depósito que deberá dispoñer dun espazo apropiado na vivenda ou edificio. O gas natural precisa tamén dunha importante instalación de canalizacións. Hai tamén bombas de calor. De todos os combustibles a electricidade é, hoxe, o único que podería provir de fontes de enerxía renovables. En todos os casos é mellor deixarse aconsellar por un especialista.